

COMISIÓN INFORMATIVA DE IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **19 de outubro de 2017**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas DEPUTADOS/AS: D. ^a Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. ^a Ana M. ^a Villarino Pardo D. Miguel A. Cid Álvarez D. Vicente Gómez García D. José Ignacio Gómez Pérez D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes INTERVENTORA ACCTAL.: D. ^a Begoña Álvarez Matos	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 19 de outubro de 2017 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de dona M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:
--	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE SETEMBRO DE 2017.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de setembro de 2017, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA DE MELLORA DO PLAN PROVINCIAL DE SERVIZOS SOCIAIS BENOURENSE.-

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (6), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Incrementar a dotación económica destinada aos concellos dentro do programa BenOurense, co obxectivo de que desde os concellos se poida ampliar o número de persoas atendidas así como traballar o eido preventivo da dependencia.

2º.- Ampliar e corrixir o actual programa da Deputación, no tocante ao destinado aos outros técnicos de servizos sociais, co obxecto de que se poidan acoller a este os concellos de menor de 5.000 habitantes que non estean mancomunados.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentaron.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 17.30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.